


O frío azul · Ramón
Caride Ogando ·
Sotelo Blanco, 2008 ·
128 páx · 10,50 euros



O FRÍO AZUL é unha obra singular dentro da xa longa traxectoria narrativa de Ramón Caride Ogando. Acontece con ela o que coa realidade ollada a través do microscopio: a simple vista, sen o aumento da lente, semella afastarse de todo o seu anterior quefacer. Ora, a realidade observada máis de preto, nas súas febras constitutivas máis miúdas, devólvenos unha imaxe familiar, onde as partículas e conglomerados amosan morfoloxías recoñecibles en novelas e relatos precedentes.

Daquela, nunha primeira aproximación esta obra pasaría por unha novela histórica de trama aventureira, aparentando responder á regraxe prototípica dos subxéneros. Porén, as súas páxinas evidencian a tentativa de ir máis alá e ofrecer un texto elaborado onde, sen rexeitar as claves de xénero aludidas, se pretende problematizar realidades complexas que non adoitan concorrer nos produtos desta natureza.

Non é común que unha novela “histórica”, na que a Inquisición ten un papel importante e o inframundo do nigromántico aboia visiblemente, se entremesturen estas realidades coas da denuncia ecolóxica, esta última si unha querenza temática que o autor ten de vello. Tampouco que a espacialización dunha obra escrita con tal focalización alterne a Galicia da Terra coa Galicia lingüística do Val do Ellas, pois o territorio do Xálima non fora ata o de agora obxecto central de atención para os nosos creadores. Que se ambiente neles unha historia sobre a ebriedade do Poder e as súas terribles consecuencias, que amais se ensaie o empastado de elementos propios da tradición oral lendaria con reberetes detectivescos e aínda amorosos non deixa de ser un cóctel insólito que ofrece un resultado sorprendente.



Ramiro Fonte. // **Penela**



Ramón Caride. // **Arquivo**

Talvez o maior dos acertos deste *O frío azul* resida no seu atinado ritmo narrativo. A súa lectura arrinca como irresistible imán e avanza imparabile no vertixinoso *flash back* a través do que se nos contan os feitos. As descrições, os diálogos e a caracterización xeral de lugares e contextos son os xustos e necesarios para deixar fluír unha trama que sabe como intrigar o lector e que, no seu conxunto, é un bo exemplo de *thriller* histórico á galega con escenarios itinerantes (Oseira, o Courel, Toledo, Estremadura...) e burbullante entrefiado temático (relato bélico, relixioso, sentimental...).

A intolerancia e os abusos do Poder, a denuncia da desigual consideración social da muller ou a invasiva política que para o agro e os bosques tiveron os señoríos dos mosteiros galegos son realidades punxentes entre as que se move este misterioso *O frío azul* que agocha un enigma e tantas preguntas para resolver como as sombras dos seus personaxes arrebolan contra nós. // **Armando Requeixo**